

Bases Xerais do Plan de Corresponsables Federación Galega de Tenis

Federación Galega de Tenis.

INDICE

<i>Descrición</i>	2
<i>Accións subvencionables</i>	2
<i>Requisitos dos profesionais</i>	2
<i>Duración do Plan</i>	3
<i>Procedemento de acceso e inscrición</i>	3
<i>Espazos específicos:</i>	4

Descrición

Os obxectivos esenciais deste proxecto son, dar cumprimento ao PLAN CORRESPONSABLES e ademais, actuar directamente con programas e accións que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos inclusive.

A Federación Galega de Tenis en colaboración coa Secretaría Xeral do Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade pon en marcha o Plan de Corresponsables dirixido a nenos e nenas menores de 16 anos cos seguintes obxectivos específicos:

- Crear emprego de calidade no sector dos coidados e o deporte.
- Promoción da actividade física saudable.
- Promoción do tenis.

Accións subvencionables

Subvencionaranse actuacións de nova creación ou ampliación e mellora das existentes para nenas e nenos menores de 16 anos a través do tenis.

Requisitos dos profesionais

Os técnicos que se encarguen de levar a cabo estas actuacións deben cumprir os seguintes requisitos:

- Titulación deportiva específica de tenis:
 - Instrutor de minitenis.
 - Monitor de tenis
 - Adestrador de tenis
 - Profesor de tenis
 - Técnico nivel 1 de tenis
 - Técnico nivel 2 de tenis
 - Técnico nivel 3 de tenis.
- Titulación non específica de tenis*
 - Técnica/o Superior en Educación Infantil.
 - Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística.
 - Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva.
 - Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre
 - Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia.

*todos os que non teñan titulación específica de tenis e sexan seleccionados, recibirán un curso gratuíto de instrutor de minitenis para a súa capacitación.

- Certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

Duración do Plan

A duración total do Plan de Corresponsables é de 6 meses, dende o mes de xuño ata o mes de Novembro.

As actuacións se ofertan por meses independentes.

Procedemento de acceso e inscrición

A xestión do acceso as diferentes ofertas de actividade realizarase do seguinte xeito:

1. Publicación na páxina WEB da Federación Galega de Tenis e tamén en diferentes medios de comunicación e publicidade de tódalas ofertas de actividade.
2. Establecer un prazo de inscrición centralizado a través da FGTeNIS, coa seguinte programación:

Meses	Apertura inscrición	Peche inscrición
Xuño	30/05/2022	6/06/2022
Xullo	30/05/2022	15/06/2022
Agosto	30/05/2022	4/07/2022
Setembro	30/05/2022	8/08/2022
Outubro	30/05/2022	5/09/2022
Novembro	30/05/2022	5/09/2022

- a. Trala primeira data de peche de inscrición 6/06/2022, os grupos que queden confirmados do resto dos meses terán preferencia, aínda que quede aberta a inscrición ata a data de peche.
3. Cada oferta terá un número máximo de prazas.
 - a. O número de prazas de cada grupo será de entre 4 e 8, tendendo a grupos reducidos.
 - b. Se o número de solicitudes supera o número de prazas ofertadas seguiranse o seguintes criterios de acceso:
 - i. 1º- accederán as familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos cuidados.
 - ii. 2º Os grupos formaranse de forma inicial tendo en conta a idade, e posteriormente o nivel.

Espazos específicos:

- Pavillóns públicos e de centros escolares nos que se desenvolvan clases de tenis.
- Centros escolares adscritos o programa de Tenis Na Escola.
- Clubs de Tenis